

CEIP DE SAN CLODIO

SAN CLODIO
RIBAS DE SIL

**NORMAS DE
ORGANIZACIÓN,
FUNCIONAMIENTO E
CONVIVENCIA (NOFC)**

SUMARIO

1. Introducción
- 2 Normativa de referencia
- 3 Delimitación do concepto membros da comunidade educativa
- 4 Principios e fins xerais que se adoptan para este regulamento
- 5 Dereitos e deberes
 - a. Profesores
 - b. Alumnado
 - c. Pais/nais e titores
- 6 Normas de convivencia
- 7 Normas de uso das instalacións e material
- 8 Normas de hixiene
- 9 Normas de Seguridade Vial
- 10 Normas do comedor escolar.
- 11 Faltas contrarias ás normas de convivencia e medidas de corrección:

I.- INTRODUCCIÓN:

No art. 18 do D 8/2015, faise referencia as NOF. Trátase dun documento institucional independente nos centros educativos, pero con fundamento no seu proxecto educativo, sendo as súas liñas xerais ás que deban inspirar o seu desenvolvemento. Son un conxunto de normas relativas á organización e funcionamento do centro e xurden da participación e do consenso de toda a comunidade escolar. No art.19 de dito decreto, indícase que as normas de convivencia, elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

A LOE 2/2006 modificada por la LOMLOE, no seu CAPÍTULO II Autonomía dos centros Artigo 120. Disposicións xerais, establece que:

1. Os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na presente lei e nas normas que a desenvolven.
2. . Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento.
3. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de ámbitos, áreas ou materias, nos termos que establezan as Administracións Educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable.

2. NORMATIVA DE REFERENCIA.

2.1 Leis Marco

- Lei Orgánica da Educación (LOE) 2/2006 de 3 de maio.
- LOMLOE 3/2020
- Lei da Función Pública de Galicia, 13/2007 , DOG 27-08-07.

2.2 Referente ao Alumnado

- O do 8 de setembro de 2021

2.3 Referente ao Consello Escolar

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21-10-96): Regulamento Orgánico de escolas de E. Infantil e Primaria.
- Orde do 22-07-97 (DOG 22-09-97): regulamento de diferentes aspectos de organización e funcionamento das escolas de E. Infantil e Primaria.

- Decreto 92/1998 do 28 de abril.

24 Referente ao Profesorado

- Lei 2/2015, de 29 de abril, o emprego público de Galicia

2.5 Referente a etapa de Educación Infantil

- Real Decreto 95/2022.

- Decreto 150/2022: Currículo da Educación Infantil.

2.6 Referente a etapa de Educación Primaria

- Real Decreto 126/2014 (BOE 28-02-14): Ensinanzas mínimas.

- Decreto 105/2014 (DOG 09-09-14): Currículo de Educación Primaria (2º,4º e 6º)

- Pendente de publicación no DOG o currículo para os cursos impares

- O do 25 de xaneiro de 2022.

2.7 Referente a xestión dos recursos económicos

- Decreto 464/1987 de 17 de decembro (DOG 21-01-88): Xustificación de gastos de funcionamento.

- Circular da Consellería de Educación do 24 de marzo de 1988:

Xustificación de gastos de funcionamento.

- Real Decreto 2402/1985 do 18 de decembro modificado polo Real Decreto 11624/1992 de 29 de decembro: Xustificación de gastos de funcionamento.

- Orde do 2 de xaneiro de 1998: xustificación de gastos de funcionamento.

- Real Decreto 2402/1985 do 18 de decembro modificado polo Real Decreto 11624/1992 do 29 de decembro: Requisitos das facturas.

- Lei 8/1987 de 25 de novembro (DOG 20-01-88): Autonomía da xestión económica dos centros públicos

non universitarios.

2.8 Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e Primaria (ROC).

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG 21-10-96)

- Orde do 22 de xullo de 1997: desenvolvemento do decreto anterior.

2.9 Respecto ao Comedor escolar

- Decreto 10/2007 (DOG 06-02-07): Regulamento e funcionamento dos comedores escolares.

- Orde do 21 de febreiro de 2007: desenvolvemento do decreto anterior.

2.10 Respecto a Igualdade

- Lei 07/2004 (DOG 03-08-04): Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.

2.11 Respecto a Convivencia

- Lei 4/2011 (DOG 30-07-11) de convivencia e participación da comunidade educativa en materia

de convivencia escolar.

- Decreto 8/2015 (DOG 27-01-15) que desenvolve a anterior lei.

3. DELIMITACIÓN DO CONCEPTO MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

3.1 Membros da comunidade educativa

Son membros da comunidade educativa o persoal docente, o alumnado, o persoal non docente (conserxe, persoal de limpeza e auxiliar técnico educativo), pais/nais ou titores/as do alumnado e os membros da ANPA.

Os membros da Comunidade Educativa teñen a obriga de asumir e cumprir as normas deste documento e de velar polo seu cumprimento.

3.2 Órganos de Goberno

Dentro dos órganos de goberno destacamos as funcións respectivas de cada un deles:

Órganos unipersoais (Director/a ou responsable de centro)

Órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar) segundo establece a lexislación vixente.

3.2.1. Normativa Xeral que afectará ao funcionamento dos órganos colexiados.

Os órganos colexiados terán un carácter democrático e decisorio pleno, sendo preceptivos á hora de aprobar calquera norma, plan, programa e/ou aspecto relevante para o centro, tendo que ser consultado/s para a aprobación dos anteditos elementos (O Claustro de Mestres será un órgano ineludible). Os anteditos órganos terán a obriga de reunirse unha vez ao trimestre, e tal e como o establece a lexislación.

Ademais reuniranse con carácter extraordinario sempre que o solicite un terzo dos seus membros. A convocatoria ordinaria dos órganos colexiados deberá ser acordada e notificada cunha antelación mínima de 3 días naturais. Aquelas convocatorias extraordinarias terán unha antelación mínima de 24 horas e as de carácter urxente poderán facerse no mesmo día.

A orde do día será redactada polo/a director/a presidente/a contando coas peticións dos demais membros que terán a opción de engadir algún punto se así o estimasen.

Calquera representante dun órgano colexiado terá a opción de engadir algún punto a orde do día sempre que o faga cunha antelación de 24 horas, para que os demais membros poidan ser comunicados deste feito.

Posteriormente ás reunións de Consello Escolar, informarase ao Claustro dos acordos alí acadados.

Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non se atope na orde do día, a non ser que a totalidade dos membros do órgano decida que é de carácter urxente. As actas destes órganos serán asinadas polo secretario/a e o director/a do centro. As actas serán enviadas por correo

electrónico e aprobaranse, se ningún membro fai ningunha alegación, non tendo que lerse na seguinte reunión.

Cando se someta a aprobación calquera asunto, este aprobarase co aval da maioría absoluta, e se non fose así, levarase a cabo unha segunda votación, na que será suficiente a maioría simple.

Cando se deba de votar algún asunto, calquera integrante poderá solicitar que esta se realice en secreto. Os membros dos órganos colexiados, e en concreto e especialmente o profesorado terán a obriga de asistir as reunións do mesmo (agás causa xustificada debidamente por ausencia do centro).

3.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

Os órganos de coordinación docente, debido a súa importancia no desenvolvemento organizativo e pedagóxico do centro, así coma da mellora da calidade e instrumentos de participación democrática, ademais de polas normas que se recollerán en cada apartado cumpriran en xeral as seguintes:

- A asistencia as distintas reunións son obrigatorias para todos os seus membros, agás causa xustificada e aceptada pola dirección do centro.
- Cada órgano deberá levantar acta da reunión realizada que será entregada á xefatura de estudos nun prazo de 15 días máximo despois da celebración da reunión.
- O equipo directivo adoptará as medidas precisas que estime se adoptasen coma acordos democráticos no seo destes órganos.
- Ademais das distintas comisións e órganos de participación, o equipo directivo poderá convocar distintas reunións informativas, cando sexa necesario e/ou urxente, para dar a coñecer aspectos necesarios á comunidade educativa, preferentemente ao profesorado do centro, das cales se levantará acta.

3.3.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

A súa composición ven determinada pola lexislación vixente nesta materia.

A frecuencia das reunións da CCP será de xeito preferente cada mes, podendo ser convocadas antes, dependendo das demandas do centro. O secretario/a da CCP, será designada polo director/a do centro, sendo unha persoa que actúe. A secretaria/o da CCP será designada polo director/a do centro, sendo preferentemente unha persoa que actúe activamente na coordinación do centro.

3.3.2. Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación, debido as súas funcións (establecidas na lexislación vixente e no PXAD e Plan de Convivencia) terá un importante calado na convivencia e organización do centro.

A composición deste Departamento farase vixente no establecido na lexislación O do 24 de xullo de 1998 e D 120/98 do 23 de abril, e atendendo ao recollido no Decreto 229/ 2011 e a orde do 8 do setembro de 2021, que desenvolve o anterior decreto.

Entre as funcións do D.O. relativas a normativa, organización e convivencia figuran: o traballo nas Competencias Emocionais do alumnado, participar na convivencia do centro (normas, actuacións,...), accións recuperadoras nos actos de incumprimento de normas...

A frecuencia das reunións do Departamento de Orientación será de unha mensualmente e dentro deste o xefe do DO, PT e AL, reuniranse semanalmente para tratar os plans de intervención en alumnado con NEAE e accións que teñan por competencia o fomento da inclusión no centro en xeral, e plans de mellora da calidade educativa.

O noso Departamento de Orientación está compartido co CEIP de Quiroga, acudindo o orientador, como norma xeral, un día a semana.

3.3.3 Comisión de Convivencia.

As funcións e membros da Comisión de Convivencia veñen reflectidas na Lei 4 /2011 desenvolta na nosa comunidade polo D 8/2015 e ademais no Plan de Convivencia. A frecuencia das reunións desta comisión serán de tres anuais (unha trimestralmente), tal e como establece a lexislación vixente, e todas aquelas que se estimen oportunas dende a coordinación desta comisión.

3.3.4 Comisión Económica.

Estará constituída pola Secretaria do centro ou persoa responsable do centro, a cal levantará acta da sesión, dous membros do Consello Escolar (un deles representantes do profesorado e outro das familias). A frecuencia das reunións será de dúas ao ano: unha para aprobar as contas do ano que remata e o presuposto do novo ano e outra en xuño para coñecer o estado das contas en curso. Ademais convocaranse todas aquelas, que por diversos motivos, se consideren oportunas con carácter urgente.

3.3.5 Equipo de Biblioteca.

O Equipo de Biblioteca ten e terá un calado no centro excepcionalmente influínte, polo seu significado no noso proxecto educativo e ser un dos faros do proceso de ensinanza e do proceso de aprendizaxe dos nenos e mestres. Isto reflectirase nas seguintes funcións, ademais das que se lle marcan por lei:

- Fomentar os proxectos educativos e o traballo polos mesmos.
- Estímulo da aprendizaxe cooperativa.
- Informar á comunidade educativa sobre diversos aspectos que melloren a calidade educativa e promover a formación dos membros compoñentes desta co apoio do equipo directivo.
- Desenvolvemento do proxecto lector e demais actividades que fomenten a lectura.

- Aquelas outras que se determinen pola lexislación vixente.

O equipo directivo, tal e como establece a lexislación, fará un esforzo a nivel orzamentario e educativo que impulse o excelente funcionamento da biblioteca de centro. Este equipo estará constituído por un mínimo de 4 mestres e máximo 5.

O coordinador da biblioteca coordinarase co equipo de dinamización lingüística traballando con este no desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, fomentándoas dende a importante influencia, que este equipo ten no centro. A frecuencia das reunións do equipo da biblioteca será de unha ao mes.

3.3.6. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Pola traxectoria do centro e a súa bagaxe, as actividades complementarias e extraescolares do centro, son unha sinal representativa do mesmo. As últimas debido as demandas da sociedade actual, xa que esta escola cre que a mellor actividade que pode realizar o neno no seu tempo libre é o xogo coma actividade intrínseca e vital do desenvolvemento. A persoa coordinadora deste equipo será unha persoa designada pola dirección do mesmo que teña especial implicación no desenvolvemento da nosa escola.

O equipo estará composto ademais de polo coordinador/a por 4 mestres.

A frecuencia das reunións deste equipo será dunha ao mes.

3.3.7 Equipo de Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).

O equipo TIC debido a súa gran relevancia no ámbito educativo e importante responsabilidade de inventario, custodia e formación no manexo de determinadas tecnoloxías, ten un gran calado no centro.

Non se pretende que as TIC sexan o centro da metodoloxía e accións educativas, tratarase de promover o uso e manexo daquelas que melloren a formación en primeiro lugar do noso alumnado e do profesorado, ademais de favorecer a información e comunicación coas familias.

A coordinación do equipo TIC recaerá sobre un mestre/a designado pola dirección do centro. Este equipo estará composto por mínimo 4 mestres, máximo 5.

As reunións do equipo TIC serán 1 ao mes.

3.3.8 Equipo de Dinamización Lingüística.

O equipo de normalización da lingua estará composto por un mínimo de 4 mestres e máximo de 5. A frecuencia de reunións deste equipo será mínimo unha ao mes e todas aquelas que dende o equipo se propoñan, coa aprobación da dirección, de xeito extraordinario.

Entre as súas funcións situaremos todas aquelas que teña por lei, ademais destacamos especialmente:

- Presentar, a través do claustro, medidas de potenciación e fomento da lingua galega que se

incluirán no PE.

- Propoñer a CCP, para a inclusión no Proxecto Curricular, o Plan Anual de Fomento da Lingua Galega con medidas para potenciar a lingua galega e proxectos que melloren e promovan a competencia lingüística en Galego dos nosos alumnos/as.
- Levar ao día o Proxecto Lingüístico de centro e renovalo cando a lexislación estipule.
- Traballar estreitamente co equipo de Biblioteca promovendo a mellora das competencias básicas e traballo por proxectos no alumnado do noso centro.

3.3.9 . Xuntas de Avaliación.

As xuntas de Avaliación son un instrumento de mellora que non soamente ha de servir para avaliar ao alumnado, senón á práctica do docente e do equipo directivo. A avaliación non se reducirá a unha xuntanza a finais de trimestre, senón que terá un maior calado do seguinte xeito:

- A principios de outubro cada titor/a realizará unha avaliación inicial. Os resultados das necesidades detectadas, serán comunicadas por escrito, ao xefe/a do DO.
- A finais de cada trimestre xuntaranse as distintas xuntas, programadas polo equipo directivo para avaliar ao alumnado e a propia práctica metodolóxica e de intervención psicopedagóxica de cada docente.

As xuntas de avaliación estarán conformadas por: O/ A presidente, que será o titor de cada grupo, a persoa responsable do centro, os mestres especialistas que teñan calado en cada curso, o Orientador si pode acudir por horario e, con voz pero sen voto, PT e/ou AI.

Entre as competencias da xunta e avaliación destacamos:

- Coordinar o proceso de avaliación do grupo de alumnos/as.
- Profundar no coñecemento das características do alumnado en particular e do grupo en xeral.
- Aportar suxestións á práctica educativa.
- Implantar correctamente criterios de promoción, baseándose nos mínimos e nos criterios establecidos en cada programación e facer o seguimento das mesmas.
- Promover a decisión colexiada nas súas competencias.
- Propoñer as medidas educativas complementarias e as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.
- Recoller os acordos adoptados

4. PRINCIPIOS E FINS XERAIS QUE SE ADOPTAN PARA ESTE REGULAMENTO

- O Ceip de San Clodio acata a lexislación vixente de xeito que tódolos puntos dela recóllense como artigos deste regulamento.
- Ceip de San Clodio maniféstase aconfesional e, ó tempo, respectuosos con tódalas crenzas.

Do mesmo xeito maniféstase libre de calquera ideoloxía política determinada.

- Tódolos alumnos e alumnas teñen os mesmos dereitos e deberes básicos, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e os niveis que estea a cursar.
- O Centro ten autonomía para establecer materias optativas, adapta-los programas ás características do medio, adapta-los métodos de ensino e organizar actividades culturais e extraescolares.

O Centro terá como obxectivos educativos:

a) Potenciar e desenvolver as capacidades persoais sen deixarse influír por ningún tipo de condicionante ou limitación de carácter sexista, cultural, racial, físico ou de capacidades intelectuais.

b) Potenciar e desenvolver o respecto pola natureza e o medio ambiente

c) Asumir un compromiso na defensa da paz

d) Potenciar o respecto e cumprimento das normas de educación viaria.

A administración educativa e o Consello Escolar de Centro, no ámbito das súas respectivas competencias velarán polo correcto exercicio dos dereitos e deberes e garantirán a súa efectividade de acordo coas normas contidas nos distintos regulamentos legais.

5. DOS DEREITOS E DEBERES.

a. Profesorado

1-Dereitos do profesor:

- Á liberdade no ensino dentro do respecto á constitucións ás leis e o PE.
- A participar activamente na xestión do centro, persoalmente ou a través dos seus representantes.
- A asistir ás reunións dos Órganos Colexiados dos que forme parte, con voz e voto.
- A guiar, baixo a súa responsabilidade, a formación do grupo de alumnos/as que teña ó seu cargo.
- A convocar, por iniciativa propia ós pais ou titores dalgún alumno/a do conxunto, previa comunicación ó coordinador do ciclo e ó xefe/a de estudos, para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus fillos.
- Ter un ambiente estable tanto a nivel físico e psíquico dentro da dinámica da aula e dos tempos de recreo.
- Propicia-la resolución de conflitos mediante o diálogo, fuxindo dos enfrontamentos físicos e insultos
- Atopar no centro un ambiente de diálogo e respecto a súa persoa.

- Ser respectados/as na súa dignidade persoal, non sufrindo humillacións físicas e morais.
- Usar e disfrutar das instalacións do colexio: didáctico, deportivo, de uso de comedor, informático, reprográfico...

2.- Deberes do profesor:

- Cada profesor cumprirá con fidelidade as funcións para as que sexa designado polo claustro, colaborando co equipo ó que pertenza, e acatando os acordos da maioría.
- Vixiar e controlar diariamente, por orde semanal, ós alumnos/as e os seus xogos no patio do centro.
- Velar por un reparto equitativo dos espazos no patio do recreo, animando ós nenos/as a realizar xogos variados
- Non ausentarse da súa aula sen motivo xustificado antes de rematar a xornada escolar.
- No caso de que tivese necesidade de facelo, debe comunicarllo ao director/a. Se por causa xustificada necesitase un ou máis días, solicitará o permiso oportuno, deixando as actividades programadas para que os seus alumnos/as poidan ser atendidos nas mellores condicións. Na ausencia dalgún profesor, a súa clase será atendida por outro que estea libre, segundo as indicacións do Xefe/a de Estudos.
- Corrixir as faltas leves de disciplina.
- Asistir con puntualidade ás clases e reunións dos órganos escolares dos que forme parte.
- Respectar as normas de convivencia do centro.
- Respectar e valorar as características do seu alumnado sen se deixar influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, cultura, raza, relixión ou capacidades.
- Crear un ambiente non discriminatorio nin sexista na súa aula, fomentando a colaboración entre iguais e a realización de actividades independentemente do sexo.
- Manter o mesmo grado de responsabilidades (dereitos e deberes) para tódolos alumnos/as por riba de calquera distinción física, social, psíquica ou de xénero.
- Os mestre/as serán os encargados/as de informar sobre usos indebidos das instalacións, materiais e situacións de risco: subir e baixar as escaleiras segundo as normas establecidas.
- Intervir en situacións de conflitos entre alumnos/as e ofrecer solucións positivas e pacíficas.
- Comprometerse en actuacións que reforcen a autoestima dos alumnos/as.
- Valorar as actitudes xenerosas, amables, afectivas e cariñosas e censurar as actitudes hostís egoístas ou inxuriosas.

- Programar o seu traballo para minimizar o número de fotocopias a realizar, aforrando papel co uso das dúas caras e evitando facer un número excesivo de copias.
- Supervisar e animar aos rapaces á depositar adecuadamente o lixo nas distintas papeleiras de recollida selectiva.
- Supervisar que a iluminación eléctrica se use correctamente e se apague ao marchar das aulas.
- Promover actividades de coñecemento do medio ambiente e de solución dos seus problemas.
- Usar con responsabilidade o material dispoñible no centro (papel, luz, auga, ...)
- Informar axeitadamente ao alumnado para usar os bens que posúen e a recoñecer os que son útiles para a súa vida.
- Sensibilizar aos alumnos/as ante situacións de discriminación por condicións sociais e económicas.
- Recoñecer e interpretar de modo comprensivo a información sobre publicidade e consumismo.

b. Alumnado

1.- Dereitos dos alumnos/as:

- A atopar no centro un ambiente de diálogo e respecto á súa persoa.
- A que se lle respecte a súa conciencia cívica, moral ou relixiosa.
- A que o centro lle facilite oportunidades e servicios educativos para o seu crecemento físico, mental, moral e social en condicións de liberdade e dignidade.
- A ser educados nun espírito de comprensión e tolerancia e no respecto polo medio público e os servicios públicos.
- Á participación activa na vida escolar e na organización do centro.
- A seren respectados na súa dignidade persoal, non sufrindo humillacións físicas nin morais.
- Á utilización das instalacións, mobiliario e material do centro.
- A que as actividades escolares se adapten ao seu nivel de madurez.
- A realizar actividades culturais, deportivas e de fomento do traballo en equipo.
- A formular diante do órgano do centro que crean oportuno, cantas iniciativas, suxerencias, dúbidas ou preguntas queiran facer, expostas razoablemente.
- A recibir orientación, consello e estímulo en toda ocasión.
- A explicacións amplas e precisas dos temas.

- A distribución razoable e moderada, tanto de exames como de traballos.
- A disfrutar na súa aula dun ambiente no que non se sinta discriminado por razóns de sexo, cultura, raza, relixión ou capacidades.
- A gozar, no tempo do recreo, de actividades lúdicas nun espacio axeitado independentemente da súa idade ou sexo.
- Á realización de actividades sen ningún tipo de prexuízo sexista por parte do profesorado.
- A implicarse no seu proceso educativo, na convivencia e na toma de decisións que repercutan na comunidade educativa.
- O alumno/a ten dereito a ser acompañado/a aos servizos de urxencia por algún responsable do centro, no caso de ter algunha urxencia médica durante a xornada escolar.
- Atopar no centro un ambiente de diálogo e respecto á súa persoa.
- Ser respectados/as na súa dignidade persoal, non sufrindo humillacións físicas e morais.
- Disfrutar dunhas instalacións limpas e ordenadas.
- Que a natureza (árbores, plantas, zonas verdes) estean presentes no centro.
- Coñecer o medio ambiente do seu entorno próximo, os seus problemas e solucións dende o propio centro.
- Tódolos alumnos/as teñen o dereito a ser valorados polo que son, non polo que teñen.
- Ter unha información veraz sobre o consumo.
- Usar e disfrutar do material do colexio: didáctico, deportivo e de uso de comedor.

2.- Deberes dos alumnos/as:

- Asistir ao colexio con puntualidade, xustificando as faltas de asistencia ou puntualidade. A reiteración de retrasos indebidos pode ser causa de apertura do protocolo de absentismo. Da mesma maneira, a pesar de que o 2º ciclo de educación infantil non ten a consideración, polo momento, de etapa obrigatoria, se e certo que en canto se matriculan os alumnos no colexio asúmense, tanto por estes como pola familia, os mesmo dereitos e obrigacións que o resto de familias e alumnado.
- Asumir os compromisos adquiridos como froito de decisións consensuadas.
- Respectar a tódolos membros da comunidade escolar.
- Cumprir as sancións impostas polos órganos competentes do centro.
- Asistir á clase co material de uso persoal necesario, para acadar un bo aproveitamento no desenvolvemento do labor docente.
- Aboar os desperfectos en bens comúns ou de particulares, realizados voluntariamente ou por negligencia.

- Cumprir as normas sanitarias. O Centro podería solicitar un parte de alta médica para permitir a incorporación dos alumnos ás clases.
- Respeitar as normas de convivencia do centro.
- Contribuír á creación dun ambiente non discriminatorio nin sexista na súa aula.
- Respeitar e valorar as características dos seus compañeiros/as, sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria.
- Respeitar os animais e plantas que haxa no colexio.
- Seleccionar o lixo e botalo no recipiente adecuado.
- Tentar aforrar papel co seu uso a dúas caras e reutilizando (como borradores, por exemplo) os papeis inservibles.
- Usar adecuadamente a auga, evitando desperdicios inútiles e/ou taponamentos.
- Valorar os compañeiros/as polo que son ou aportan á aula, non polo que teñen.
- Coidar e respectar as instalacións, mobiliario e material escolar propio e alleo.
- Usar a auga axeitadamente nos servizos e fontes.
- Facer un uso correcto dos alimentos no comedor sen malgastar os mesmos.
- Nas horas de permanencia no colexio non se pode traer e consumir larpeiradas do exterior.

c. Pais/nais/titores

1.- Deberes dos pais/nais:

- Os pais e nais serán responsables de avisar das enfermidades, alerxias e infeccións contaxiosas que poidan padece los nenos/as (conxuntevitis, parasitos, ...). Avisar de xeito axeitado por escrito e con ditame médico.
- Os pais e nais serán responsables da asistencia regular e con puntualidade dos seus fillos e fillas.
- Os pais e nais serán responsables do control dos seus fillos para que estes realicen os traballos propostos polo seu profesor/a.

2.- Dereitos dos pais/nais:

- Os pais e nais teñen dereito a estar informados dos avances, problemas e incidencias que afectan ao seu fillo/a durante o curso mediante entrevistas persoais, comunicación por escrito...
- Os pais/nais teñen dereito a participar nos órganos de decisión do colexio de acordo coa normativa vixente.
- A participar en actividades no centro.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA.

- 1.- Os alumnos/as deste centro, usuarios do transporte escolar entrarán no recinto unha vez que chegue o transporte e deberán permanecer nel deica a hora de saída do mesmo.
- 2.- Os alumnos/as da localidade non deberán entrar no recinto escolar ata cinco minutos antes da hora de comezo das clases. Unha vez dentro do recinto, só se poderá saír do mesmo por causas moi xustificadas e co permiso dos mestres encargados da vixilancia. Durante a permanencia no patio non se entrará no edificio sen permiso.
- 3.- Nas horas de entrada e saída os alumnos entrarán ou sairán das súas respectivas aulas ordeadamente, respectando as normas básicas dos peóns:
 - i. Andar amodo, sen correr
 - ii. Baixar e subir as escaleiras a modo
 - iii. Circular axeitadamente nos corredores do centro
 - iv. Ceder o paso ao grupo que ten preferencia.
- 4.- Ao longo das clases non se permite ir ao servizo sen autorización dos mestres. Nos cambios de clases os alumnos permanecerán dentro das aulas.
- 5.- Non está permitida a circulación de bicicletas ou motos dentro do recinto escolar.
- 6.- Entrar e saír de xeito ordenado, velando pola súa seguridade e a dos demais. Sen correr polos corredores.
- 7.-Na zona de patio reservada para os alumnos/as de infantil, só poderán estar estes alumnos.
- 8.- Nos recreos disfrutarase do xogo sen molestar aos compañeiros.
- 9.- Non se permite saír ou entrar, nin facer compras polos enreixados.
- 10.- Tratarase a tódolos membros da Comunidade Educativa con corrección e respecto.
11. Permitir a participación real de tódolos membros da comunidade escolar abrindo cauces de colaboración e diálogo de forma que a convivencia das diferentes partes atope sempre unha canalización adecuada para o acordo e o compromiso na toma de decisións.
12. Establecer conductas habituais de colaboración con entidades do entorno do centro, realizar actividades puntuais para os días sinalados no calendario escolar e promover actividades de coñecemento e intercambio con outros centros..

7 NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS E MATERIAL.

O material e instalacións do centro son para o uso de tódolos que convivimos nel. A todos nós correspóndenos o seu coidado e mellora, polo que:

1. Despois de usalo, deixaremos o material ordenado

2. Debemos procurar facer uso del sen estragalo nin rompelo
3. Deixaremos as cousas tal e como quixeramos atopalas
4. Debemos facer uso axeitado de cada cousa
5. Non permitiremos que as instalacións se luxen, teñan pedras, papeis ou refugallos.
6. Respectaremos e coidaremos as árbores e plantas
7. Non nos colgaremos das portas, muros e enreixados
8. Non estragaremos os campos de xogo
9. Manter un esmerado coidado das instalacións e materiais de uso común e privado.
10. Non xogaremos cos interruptores das luces, timbres, billas ou calquera outro elemento que non teña como función o xogo.
11. Non se malgastará a auga, papel e/ou enerxía.
12. Faremos un uso adecuado das cisternas e dos servicios, nos que permaneceremos só o tempo necesario, sen molestar aos compañeiros.
13. Non está permitida o acceso das familias ao centro en horario lectivo si non é por cita ou causa xustificada.

8- NORMAS DE HIXIENE

1. Tódolos alumnos/as deben acudir ao centro correctamente aseados
2. Conservar unha boa imaxe ao longo das diversas actividades da xornada escolar:
lavar as mans antes de acudir ao comedor; lavar os dentes, mans e cara despois de comer;
asearse despois da clase de educación física.
3. Aqueles alumnos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas, deberán permanecer en período de convalecencia durante o tempo que as autoridades sanitarias determinen oportuno. Os pais de ditos alumnos teñen a obriga de informar ao centro.
4. Os alumnos/as infestados de parásitos non serán admitidos no centro deica estar totalmente desparasitados.

9- NORMAS DE SEGURIDADE VIAL

1. Tódolos alumnos/as deste centro deberán, ao longo da súa escolaridade, coñecer e respectar as normas básicas da seguridade viaria, e cumprilas tanto dentro como fóra do centro, como peóns, usuarios de transporte público ou privado, pilotos de bicicletas, patíns, etc....
2. Os alumnos deste centro usuarios do transporte escolar deberán usar axeitadamente, disfrutar e coidar este servicio público:
 - Ir ben sentados nos seus asentos sen se levantar mentres estea en marcha.

- Sen molestar ao condutor en ningún caso.
 - Sen luxar nin romper o autobús ou outro vehículo
 - Sen comer no autobús
 - Subir e baixar do autobús ordenadamente, e en ningún caso cruzar por diante ou mesmo detrás do autobús.
 - Cumprir o horario estritamente.
3. Estas normas tamén serán de cumprimento para os nenos/as do colexio que non facendo uso do transporte escolar habitualmente, o fagan de xeito extraordinario: excursións, saídas...
4. Os mestres terán así mesmo a quenda de transporte, vixiando que tódolos alumnos/as transportados entren no autobús, e que o fagan de xeito ordenado.
5. Os pais/nais dos alumnos/as transportados teñen a obriga de avisar ao titor/a do seu fillo/a, sempre que non faga uso do transporte.

10. NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR.

10.1 Cales son as funcións das persoas responsables?

- **Dirección do centro:**

Responsable de dirixir e coordinar o servizo do comedor escolar.

- **Encargada:**

Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarias para o funcionamento do servizo de comedor.

Coordinar o traballo do persoal colaborador.

Velar polo cumprimento das normas establecidas.

Comunicar as novas, menús, incidencias...

Elevar á dirección do centro propostas e tódalas comunicacións oportunas.

- **Colaboradores/as**

Vixiar, acompañar e custodiar ao alumnado desde a saída de clase ata o final do horario de comedor.

Fomentar a colaboración e as boas relacións entre os/as compañeiros/as de mesa e persoal do comedor.

Colaborar nas tarefas e cometidos relacionados co comedor que a encargada e cociñeiro suxiran.

10.2 Funcións das familias

Colaborar co profesorado e persoal colaborador no bo funcionamento do servizo, inculcando nos alumnos hábitos de respecto cara ás persoas, espazos, utensilios; hábitos de hixiene alimenticia

e educación para a saúde; bo comportamento dentro e fóra do comedor escolar.

Abonar a cota debidamente antes do día 20 de cada mes.

Notificar con antelación si a nena/o non fará uso do servizo do comedor diario.

En caso de alerxia alimentaria, presentar por escrito o certificado médico do seu pediatra onde se especifique a patoloxía e os alimentos que non pode inxerir.

Presentar por escrito certificado médico en caso de enfermidade que puidese alterar o funcionamento normal do servizo.

10.3 Normas de comportamento.

. Respectar as indicacións do persoal colaborador, encargada, directora e demais persoas traballadoras.

- Respectar aos compañeiros/as.
- Coidar o material e as instalacións.
- Entrar no comedor de forma tranquila e ordenada, sen correr.
- Manter silencio na medida do posible, levantando a man cando se precise.
- Manter dentro do comedor en todo momento un ambiente tranquilo e respectuoso cos demais.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Non erguerse da mesa sen permiso.
- Non acceder a ningunha aula do colexio (só comedor e aseos).
- Manter na mesa normas básicas de hixiene tales como usar os cubertos e os panos de mesa, comer coa boca pechada, non tirar a comida...

10.4 Condutas contrarias á convivencia

Serán consideradas faltas moi graves: as establecidas no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Aparecen no Título VI Normas de Convivencia das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro.

O alumnado comportarase de forma disciplinada, de acordo coas normas anteriormente desenvolvidas durante o comedor e os tempos de espera e patio.

Ante o incumprimento das normas falarase co neno ou nena. Tratarase de que comprenda que a súa actuación é inadecuada e pediráselle que rectifique. Procurarase que asuma as consecuencias das súas actuacións e ofrecerase condutas alternativas.

Será a encargada do comedor e a directora, así como as persoas colaboradoras as encargadas de manter a orde, a convivencia e a disciplina no comedor escolar. Nos casos en que o diálogo non sexa suficiente poderanse impor medidas correctoras inmediatas, como apartar a un comensal da súa mesa durante un tempo ou comer noutro lugar.

No caso de que se incumpran as normas se comunicará ás familias. Se persiste a mesma actitude, aplicaranse as mesmas medidas previstas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, podendo chegar á privación temporal ou definitiva do uso do comedor escolar. O alumnado que as incumpra levará para a casa un PARTE DE INCIDENCIAS que terá que ser asinado e devolto ao día seguinte polo pai/nai/titor/a legal. A acumulación de 5 partes poderá supoñer, entre outras medidas, a suspensión do uso do servizo de Comedor de 1 a 3 días .

A utilización do servizo de comedor supón a aceptación e cumprimento destas normas.

11. FALTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E MEDIDAS DE CORRECCIÓN:

- O centro disporá dun rexistro de incidencias que calquera membro da comunidade escolar pode solicitar na dirección do centro e rexistrar o incidente ou falta correspondente.
- Dito rexistro será o que determine a reiteración das faltas ás normas de convivencia polos distintos membros da comunidade escolar.

. Das condutas contrarias ás normas de convivencia, das medidas de corrección e das garantías procedementais

As condutas contrarias ás normas de convivencia do centro serán corrixidas de acordo coa súa gravidade e considerando a situación e condicións persoais de quen non respectou ditas normas. As correccións que se apliquen deberán ter un carácter educativo e recuperador e garantir o respecto e os dereitos de toda a comunidade educativa.

(Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa). Capítulo II: "Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección"

Artigo 14. Clases de condutas contrarias á convivencia

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.
2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. Non se permite o acceso e emprego de dispositivos móbiles ou de gravación de imaxe e son en horario lectivo. Dende o Nadal do curso 2023/ 2024 non se permitirá tampouco o emprego libre de ditos dispositivos nos períodos non lectivos, que son as entradas e saídas, o tempo de recreo, o comedor escolar e os períodos dedicados as actividades complementarias e extraescolares.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- m) O incumprimento das sancións impostas.

Condutas leves contrarias ás normas de convivencia

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña k) do artigo anterior.

c) A inasistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Prescrición das condutas contrarias á convivencia

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Medidas correctoras ás faltas contra as normas de convivencia

Principios xerais das medidas correctoras.

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do

alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación do centro elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia.

2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.

3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

4. O procedemento formalizado, será o que determine o centro, coa aprobación da dirección do Mesmo.

Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Das condutas leves contrarias ás normas de convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Protocolo para a imposición de medidas correctoras

1. Das condutas graves contrarias á convivencia

Procedemento:

O alumnado será enviado á Xefatura de Estudos,(en este caso á dirección) cun parte do profesorado detallando a incidencia.

Oídas as partes implicadas, notificarase á nai, pai ou titores legais, dos feitos, e solicitarase a súa comparecencia no centro para notificarlle as medidas que se adoptarán, cando así o requira o tipo de sanción imposta. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

Para aqueles casos que puidesen aparellar a suspensión do dereito de asistencia a clase, ademais do profesorado implicado e o titor/a do grupo ao que pertenza o/a alumno/a, cando non haxa consenso, poderá ser consultado un/unha mestre/a membro do Observatorio de Convivencia. A decisión final será adoptada pola persoa titular da dirección do centro.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instructor/a, como medidas provisionais, o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno.

O Observatorio da Convivencia Escolar do centro deberá de ser informado das sancións que impliquen a suspensión do dereito de asistencia ao centro.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.

Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

2. Das condutas leves contrarias á convivencia

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia serán escaladas nesta orde: mestre/a titor/a, e Director/a.

Calquera docente do centro poderá aplicar medidas correctoras sobre o conxunto do alumnado do centro para o que cubrirá un parte de incidencias que poderá conseguir na secretaría ou xefatura de estudos (en este caso en dirección) do centro, onde informará de todos os datos que alí se recollen da maneira máis explícita posible.

Se o/a alumno/a amoestado/a non fora da súa titoría, entregará o citado parte ao titor/a correspondente, quen o arquivará na súa carpeta de aula correspondente. Cando un/unha alumno/a teña cinco partes de calquera mestre do centro, notificarao a dirección quen levará a cabo as actuacións pertinentes, tales como as reflexadas no artigo 19 da Lei de Convivencia —.

Para impoñer as medidas correctoras teremos que ter presentes as directrices fixadas pola Lei de Convivencia (Lei 4/2011), no seu artigo 18, e a gradación das mesmas, artigo 23, que estará a disposición de todos os docentes na secretaría do centro.

Estas medidas sempre serán supervisadas pola persoa que as articule, e nunca se poderán deixar aos alumnos/as implicados sós ou baixo a responsabilidade doutro membro da comunidade educativa.

As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Responsabilidade das familias e titores/as legais:

As audiencias e comparecencias das nais, pais, titores/as legais do alumnado do centro (menor de idade) nos procedementos disciplinarios son obrigatorias, sendo comunicada a súa desatención reiterada e inxustificada ás autoridades competentes aos efecto

En San Clodio, Ribas de Sil a 1 de febreiro de 2024